
Melia azedarach L, 1753

- cinamomo, árbore de santo Outelo, paraíso
- cinamomo, agriaz, agrión, árbol del paraíso, a. santo, melia, mirabobo
-
- mèlia, cinamon, arbre sant
- chinaberry tree
- cinamomo, amargoseira



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA PM

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Sapindales**	**Meliaceae**	***Melia***

ORIXE

Asia.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia de 10-12 m de altura. Copa frondosa en forma de paraugas e tronco xeralmente curto, de codia escura e lisa que se fisura coa idade. Follas alternas, bipinnadas, raramente tripinnadas, de 15-45 cm de longo. Folíolos opostos, ovado-oblongos a ovado-lanceolados, de 3-10 x 1-3 cm, cunha base aguda ou redondeada, marxe enteira ou serrada, glabras ou pubérulas, de cor verde escura na superficie superior e máis pálidas na superficie inferior. Flores aromáticas, pequenas, de cor azul-lila, dispostas en panículas axilares máis curtas cás follas. Cáliz con 5 lóbulos, duns 2 mm de longo, ovados, ciliados na marxe. Corola con 5 pétalos estreitamente oblongos, de 6-10 mm de longo. O froito é unha drupa globosa e amarela, de 1-1,5 cm de diámetro.

HÁBITAT

Dende bosques mixtos caducifolios ata selvas tropicais. Pódese atopar ao longo de cursos de auga, beiras de estradas, marxes de bosques, matogueiras de bambú, bosques de tamarindo e eucaliptais. Dende 500 ata 1200 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

A especie foi introducida en todo o mundo. Atópase amplamente distribuída en gran parte de Asia Occidental, África e América do Norte e do Sur.

CURIOSIDADES

A súa madeira pódese empregar para mobles, tallas, obxectos torneados e para producir chapas de madeira. Os extractos das follas e froitos pódense empregar como antialimentario e insecticida.